

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 22416 (10/PNC-001816)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar a extensión da iniciativa EuroVelo Atlántico desde Camiña por toda a costa de Galicia e demandar do Goberno de España un cambio nas condicións de compra dos billetes de Renfe para bicicletas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018
- 1.2 24321 (10/PNC-001922)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos investimentos comprometidos no Plan Galicia pendentes de executar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018
- 1.3 25067 (10/PNC-001956)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia de prevención e protección fronte á contaminación por radon nas vivendas, nos centros de traballo e nos edificios públicos dependentes da Administración autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018
- 1.4 25187 (10/PNC-001962)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos, horarios e frecuencias suprimidas por Renfe no traxecto ferroviario entre Ribadavia e Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018
- 1.5 26952 (10/PNC-002078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
coa aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de
Vilaboa, así como os expedientes da Axencia de Protección da Legalidade
Urbanística referidos a ese concello, e en particular ao lugar da Graña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

- 1.6 27433 (10/PNC-002128)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a información polo Goberno galego á veciñanza de Tomiño respecto
do trazado finalmente elixido para o treito 2 (PO-350-enlace Goián) da vía
de alta capacidade Tui-A Guarda, así como a desafección dos terreos
inicialmente afectados e nos que xa non se vai construír esa infraestrutura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018
- 1.7 27838 (10/PNC-002157)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grupo Parlamentario de En Marea
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Moreira Ferro, Jacobo e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central
en relación coa perigosidade que presenta para as persoas usuarias, en
especial para os peóns ciclistas, a estrada N-550, A Coruña-Tui
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

Jaime Castiñeira Broz



PARLAMENTO
DE GALICIA

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22416(10/PNC-001816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar a extensión da iniciativa EuroVelo Atlántico desde Camiña por toda a costa de Galicia e demandar do Goberno de España un cambio nas condicións de compra dos billetes de Renfe para bicicletas

Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Como levan tempo denunciando colectivos de usuarios da bicicleta, como “Pedaladas” ou “Masa Crítica”, Renfe dificulta a desexable combinación de tren e bicicleta para os desprazamentos. Ademais de ter que pagar unha tarifa extra por levar a bicicleta no tren (3 euros en traxectos de máis de 100 quilómetros), o billete para esta non se pode mercar na páxina *web* ou na aplicación móbil, senón que hai que facer obrigatoriamente a compra no despacho de billetes da estación, non sabendo ata o momento de chegar se hai ou non sitio para a bicicleta no tren, xa que o espazo destinado a estas está limitado a só 3 bicicletas por tren, logo de que foran eliminados outros 3 espazos para situar as máquinas de venda de comida e bebida.

Tamén ocorre que a venda do billete para a bicicleta faise por traxectos completos, é dicir, non se adecúa á viaxe real da persoa usuaria desa bicicleta. E así, se unha persoa viaxa entre Pontevedra e Santiago en tren coa súa bicicleta, o enganche para esta resérvase para todo o traxecto entre Vigo e A Coruña, impedindo que outra persoa que suba en Santiago para ir ata a Coruña poda usar o mesmo enganche.

A maiores, en relación coas viaxes alternativas, o EuroVelo Atlántico poderíase estender dende Camiña por toda a costa galega, iniciativa que a entidade “ConBici” pretende impulsar, aproveitando a ruta cicloturística do noso país veciño.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:11
Nº Rexistro: 22416
Data envío: 08/01/2018 13:11:48.884



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, dentro da potenciación dos desprazamentos alternativos aos vehículos e a precisa preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático, a:

1. Que impulse a extensión da iniciativa EuroVelo Atlántico dende Camiña por toda a costa de Galicia.
2. Que demande ao Goberno do Estado que os billetes para bicicletas se podan mercar na páxina *web* ou na aplicación móbil de Renfe, que se podan facer por traxectos efectivos e non completos e que se amplíen os espazos destinado a bicicletas en cada tren.

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2018 13:04:40

Raúl Fernández Fernández na data 08/01/2018 13:04:46

María Luisa Pierres López na data 08/01/2018 13:04:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:11
Nº Rexistro: 22416
Data envío: 08/01/2018 13:11:48.884

 **Grupo Parlamentario**



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/01/2018 13:04:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 24321(10/PNC-001922)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación cos investimentos comprometidos
no Plan Galicia pendentos de executar

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**

Exposición de motivos

A cortina de fume do Plan Galicia fai tempo que se esvaeceu no aire. A colección de promesas que o goberno de Aznar puxo sobre a mesa fai 15 anos, co obxecto de tapar a negligente xestión do Prestige, quedou en practicamente nada. Nin serviu para paliar as consecuencias medioambientais do accidente nin impulsou o desenvolvemento social e económico de Galicia –na actualidade, somos a quinta comunidade máis pobre do Estado en renda media por persoa, temos as pensións máis baixas do país e padecemos unha sangría demográfica que non cesa–. O fracaso do Plan Galicia e dos propios gobernos populares salta á vista.

As cifras deste fracaso son moi elocuentes. Quince anos despois só se están a executar tres das oito grandes obras do Plan Galicia: o Porto Exterior da Coruña, o AVE á meseta e o Parador de Muxía. O resto foi morrendo polo camiño a pesar de que unha parte importante das obras públicas referidas polo Plan eran unha mera recompilación de promesas que xa se fixeran.

Os incumprimentos máis sonados foron:

- O corredor de alta velocidade entre Ferrol e Bilbao. Tiña destinados só nos tramos galegos 1.470 millóns de euros. Foi descartado.
- O AVE Coruña-Lugo e Ponferrada-Monforte de Lemos. Contaba cun orzamento de 1.470 millóns de euros. Foron descartados.



- O AVE a Madrid, retrasado ata o ano 2019, aínda que non será de alta velocidade integramente ata dous ou tres anos despois.
- Unha autovía Pontevedra-A Cañiza de 480 millóns de euros. Só conta con media ducia de quilómetros en obras.
- A autovía entre Chantada e Monforte que non superou a fase de estudos iniciais.
- O parador de Muxía, que superou xa os 24 millóns de orzamento e aínda non ten data para a súa apertura.
- A universalización de internet no rural.

Así, o Plan Galicia non foi máis que unha escusa que empregou o Partido Popular da Guerra de Irak e do 14-M para limpar a súa maltreita imaxe nos medios de comunicación e na nosa comunidade. De ningún xeito se viu reflexado nos orzamentos ou nas obras executadas.

15 anos despois cómpre que fagamos unha análise crítica do sucedido.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno do Estado os investimentos comprometidos no Plan Galicia, aínda sen executar, introducindo partidas específicas nos próximos orzamentos do Estado.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:04
Nº Rexistro: 24321
Data envío: 29/01/2018 17:04:40.118



Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 16:47:06

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 16:47:13

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 25067(10/PNC-001956)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo
en materia de prevención e protección fronte á contaminación
por radon nas vivendas, nos centros de traballo e nos
edificios públicos dependentes da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25067
Data envío: 05/02/2018 11:11:01.369

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O radon é un gas radioactivo que se atopa en solos, rochas e auga. É un gas incoloro, inodoro e insípido que provén da desintegración nuclear do radio (de aí lle ven o seu nome); é un elemento cunha presenza importante en toda a codia terrestre e nomeadamente en solos graníticos coma o galego. O radon é a maior fonte de exposición humana á radioactividade natural; entra nas edificacións principalmente a través das fendas na cimentación, polas paredes, tubaxes, e mesmo por difusión a través de cerramentos en contacto co chan. As medidas máis efectivas e económicas para previr a acumulación de radon son as que se toman na fase de construción, illando o subsolo ou deixando cámaras de aire que canalicen as filtracións de radon ao exterior. Para edificios xa construídos, ou se a zona é de alto risco, compre garantir unha boa ventilación, e se a aireación tradicional non é suficiente, cómpren outras solucións como a extracción forzosa e canalización do aire ou a impermeabilización de chans e paredes.

2. Estudos realizados en todo o mundo -e tamén en Galiza- mostran que as persoas expostas de xeito continuado a niveis elevados deste gas teñen un maior risco de desenvolver cancro de pulmón. A OMS considera que a exposición a gas radon é

responsábel de até o 14% das mortes por cancro de pulmón (a segunda causa de morte tras do tabaco). Tamén considera que o Radon é un grave problema para a saúde e por iso insta a todos os países a protexer e concienciar á poboación sobre os seus prexuízos, mesmo propón que se inclúa a protección contra os efectos negativos do Radon na lexislación sobre vivenda, aconsellando reducir a presenza do Radon nas mesmas a niveis inferiores a 100 Bq/m³.

3. Nos estudos realizados no Estado español Galiza está considerada como unha das zonas con maior irradiación de radon, un gas presente nos solos graníticos fracturados e que pasa a sotos e vivendas. A Comisión Europea elaborou xa no ano 1997 unhas recomendacións nas que instaba aos gobernos a establecer un sistema axeitado de medición e a necesidade de emprender medidas correctoras cando a concentración de radon fose superior a 200 Bq/m³ en vivendas e 800 Bq/m³ en edificios públicos e lugares de traballo.

4. Na lexislación española as Normas do Hábitat establecidas no 2007 polo BNG no goberno da Xunta facían referencia directa ao radon e á necesidade de illamento nas construcións como medida preventiva. Lamentabelmente esta norma foi derogada polo goberno do sr. Feijóo sen ningunha medida alternativa. Lamentabelmente tamén, despois de preto de 30 anos transcorridos desde que a Comisión Internacional de Protección Radiolóxica recomendara establecer as medidas oportunas para limitar toda exposición a elevadas concentración do radon no interior dos edificios, pouco se fixo para establecer medidas prácticas que protexesen a saúde das persoas contra o gas radon.

5. En xaneiro de 2012, o BOE publicou a Instrución IS-33 do Consello de Seguridade Nuclear, sobre criterios para a protección fronte á radiación natural. Esta instrución establece nos 600 Bq/m³ (becquerelios por metro cúbico de aire no interior)



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25067

Data envío: 05/02/2018 11:11:01.369

de concentración media anual de radon durante a xornada laboral o limiar por riba do cal é obrigatorio activar a protección para os traballadores e traballadoras. Así e todo, nos centros de traballo con alta permanencia do público (hospitais, centros educativos, cárceres...) o nivel establécese nos 300 Bq/m³. A instrución establece a realización de medicións nos lugares de traballo en áreas identificadas polos seus valores elevados de radon.

A Unión Europea estableceu o 6 de febreiro de 2018 como data límite para a aplicación da directiva europea 2013/59/EURATOM, en vigor desde 2014. Esta normativa establece nos 300Bq/m³ o limiar de referencia para as concentracións de radon en espazos pechados nos lugares de traballo e obriga a realizar medicións en zonas de elevadas concentracións deste gas radiactivo. A citada norma tamén establece a obriga de aprobar un Plan Estatal de acción para o radon.

Cómpre ter en conta que segundo numerosas persoas expertas, o limiar establecido pola UE é bastante alto para marcar o punto a partir do cal hai que actuar. A OMS fixou en 2009 o límite nos 100 Bq/m³ e desde 1998 a Axencia de Protección Ambiental fixou 148 Bq/m³ como nivel de referencia.

Estamos polo tanto ante un grave problema de saúde pública, ante o que hai que actuar con medidas normativas, de información, prevención e protección da poboación, especialmente naquelas zonas máis expostas á acción deste gas altamente perigoso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25067

Data envío: 05/02/2018 11:11:01.369

1. Demandar do goberno do Estado a inclusión no Código Técnico de Edificación de medidas de prevención e protección fronte á contaminación por radon.

2. Desenvolver un Plan de protección contra o radon nas vivendas e nos centros de traballo, procurando a implicación de todas as administracións e contando co asesoramento dos centros universitarios especializados nesta materia.

3. Desenvolver un Plan de medición e redución do radon nos centros de traballo dependentes da administración autonómica: centros de saúde, centros da terceira idade, edificios administrativos, centros educativos, escolas infantís...

4. Establecer políticas de saúde pública que inclúan a información á poboación e a medición dos niveis de radiación garantindo os estándares de calidade.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 11:11
Nº Rexistro: 25067

Data envío: 05/02/2018 11:11:01.369

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2018 11:10:06

María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2018 11:10:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2018 11:10:14

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2018 11:10:15

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2018 11:10:17

Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2018 11:10:26

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 25187(10/PNC-001962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación cos servizos, horarios e frecuencias suprimidas por
Renfe no traxecto ferroviario entre Ribadavia e Ourense

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O servizo ferroviario de viaxeiros entre a comarca do Ribeiro e Ourense, que xestiona Renfe, suprimiu a maioría dos servizos de tren que tradicionalmente se viñan prestando, resultando os existentes na actualidade, inadecuados e pouco útiles para as necesidades de mobilidade dos veciños e veciñas que se desprazan a Ourense a traballar, estudar, xestionar asuntos nas diferentes administracións...

Na actualidade o horario dos trens que fan este percorrido é o seguinte:

Tren 12604.- Ribadavia 8:35 à Ourense (8:55h).

Tren 12608.- Ribadavia 16:13 à Ourense (16:34)h.

Tren 12601.- Ourense 12:08 à Ribadavia (12:28)h

Tren 12605.- Ourense 21:00 à Ribadavia (21:19)h

Hai ter en conta que a viaxe Ribadavia-Ourense é un traxecto de 20 minutos de duración, e o billete ida e volta ten un prezo de 5 €, o que debora facer posible organizar viaxes que comuniquen aos 20.000 veciños e veciñas da comarca do Ribeiro coa capitalidade da provincia de forma rápida, económica, e nun medio ecolóxico aproveitando unha infraestrutura existente, que non require inversións e permite aproveitar e rendibilizar recursos materiais e humanos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25187
Data envío: 05/02/2018 14:36:01.738



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Declarar de Obrigación Servizo Público (OSP) o traxecto ferroviario entre Ribadavia e Ourense.
2. Recuperar os horarios e frecuencias suprimidas no traxecto ferroviario entre Ribadavia e Ourense.
3. Garantir que o transporte de viaxeiros que se presta entre Ribadavia e Ourense se leve a cabo en horarios que permitan o viaxe de ida e regreso nos horarios utilizados para traballo e estudos como mínimo cunha frecuencia de mañá e outra de tarde.

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:28:55

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 14:29:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25187
Data envío: 05/02/2018 14:36:01.738



 [Grupo Parlamentario](#)

María Luisa Pierres López na data 05/02/2018 14:29:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2018 14:29:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2018 14:29:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 26952(10/PNC-002078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de Vilaboa, así como os expedientes da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística referidos a ese concello, e en particular ao lugar da Graña

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26952
Data envío: 26/02/2018 14:07:00.149

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística ten abertos varios expedientes no concello de Vilaboa. Un dos expedientes é o da denuncia por unha vivenda no lugar da Graña (Vilaboa), construída segundo a APLU sen licenza e en terreos de especial protección. Esta denuncia administrativa chegou á vía xudicial coa petición da fiscalía dunha condena dous anos de prisión, 6.000 euros de multa e o derrubamento da vivenda, por un delito contra a ordenación do territorio.

Dáse a circunstancia de que no núcleo da Graña existen numerosas vivendas que non aparecen recollidas nas normas subsidiarias provinciais de 1991 e que polo tanto estarían fóra da lei, mais das que existe constancia da súa existencia desde fai décadas. Do antedito dedúcese que existe un erro na normativa urbanística en vigor, que non recolle a realidade existente no momento da súa aprobación.

Na celebración do xuízo pola vivenda antes citada quedou acreditada a existencia dunha construción antiga nas ortofotos da Xunta de Galicia de 2002, polo que no caso de existir o delito estaría prescrito. Chama poderosamente a atención que no expediente da APLU non se acreditase a existencia destas fotografías, toda vez que era



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26952
Data envío: 26/02/2018 14:07:00.149

unha proba determinante para acreditar a existencia de infracción e do correspondente delito.

Por outra parte, o problema de fondo destes expedientes de legalidade urbanística ten que ver coa natureza obsoleta da normativa urbanística en vigor no concello de Vilaboa, e na lentitude na tramitación e aprobación do PXOM deste concello, iniciado en marzo de 2008 e aínda pendente de aprobación pola Xunta de Galiza. Cómpre ter en conta que coa aprobación do PXOM quedaría legalizada a situación destas vivendas que son obxecto de expedientes por parte da APLU, xa que o lugar da Graña aparece recollido no documento como zona de núcleo rural.

A este respecto cómpre ter en conta o acordo da Corporación municipal de Vilaboa na que se solicitaba a retirada da acusación penal contra a veciña do lugar da Graña, toda vez que o PXOM prevía legalizar a situación da vivenda denunciada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Axilizar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilaboa, iniciado no ano 2008.

2. Revisar os expedientes da APLU relativos ao concello de Vilaboa e nomeadamente ao lugar da Graña, tendo en conta a documentación gráfica da propia Xunta de Galiza e a existencia de erros nas normas subsidiarias provinciais de 1991.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26952
Data envío: 26/02/2018 14:07:00.149

3. Renunciar á vía administrativa e penal naqueles casos en que estea acreditada a existencia de edificacións anteriores e que quedarían legalizados polo PXOM actualmente en tramitación.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 14:00:33

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 14:00:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 14:01:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26952

Data envío: 26/02/2018 14:07:00.149

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 14:01:02

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 14:01:03

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 14:01:08

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 05.04.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 27433(10/PNC-002128)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a información polo Goberno galego á veciñanza de Tomiño respecto do trazado finalmente elixido para o treito 2 (PO-350-enlace Goián) da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, así como a desafección dos terreos inicialmente afectados e nos que xa non se vai construír esa infraestrutura

Publicación da iniciativa, 276, 14.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 2.ª**, relativa a desafección dos terreos inicialmente afectados para a construción da Vía de Alta capacidade ou Vía de altas prestacións Tui- A Guarda.

O anuncio da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes publicado no DOG do 18 de xullo de 2008, mediante resolución do 26 de xuño de 2008 da Dirección Xeral de Obras Públicas, someteu a información pública o estudo informativo e o estudo de impacto ambiental da VAC Tui- A Guarda; treito 2: PO-350-enlace de Goián, clave PO/07/004.00.1.

O martes 1 de decembro de 2009, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas fixo público o anuncio do 25 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Infraestruturas, polo que se publicaba a Resolución do 24 de novembro de 2009, pola que se revoga parcialmente a Resolución do 15 de novembro de 2006, relativa á aprobación do documento complementario ao estudo informativo da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, e pola que se dispón a redacción dun novo documento técnico relativo ao trazado do treito 2 da devandita vía.

Neste anuncio publicábase o texto da resolución do 24 de novembro de 2009 relativo ao treito 2 da vía de alta capacidade, na que se revoga a resolución do 15 de novembro de 2006 pola que se aprobara o documento complementario ao estudo informativo da VAC Tui- A Guarda, que deixaba sen efecto o trazado do treito 2 (enlace PO-350- enlace Goián (Ponte Internacional)) e a redacción dun



novo documento técnico co treito 2, documento no que se realizará un estudo comparativo de alternativas de trazado.

No ano 2010 realizouse o estudo informativo e estudo comparativo de alternativas entre Tui e A Guarda, treito 2: enlace PO-350- Enlace de Goián, de clave PO/10/003.00. O estudo informativo e comparativo de alternativas datado de febreiro do 2010 no que o enxeñeiro director do estudo foi Fausto Núñez Vilar e o autor do mesmo foi Luis H. Gómez Carrión e o consultor TECPRO Enxeñería civil.

A estas alturas, no ano 2017, aínda non se finalizou a obra, sen embargo a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, informaba da proposta da Xunta de Galicia de variar o trazado da VAC na parte final entre a PO-350 e Goián para obter unha maior viabilidade económica, mellor vertebración do territorio e menor impacto ambiental taxado nun 57%.

A veciñanza de Tomiño afectada por estas obras descoñece por onde vai pasar a vía na actualidade e que vai pasar cos terreos afectos á construción segundo as diversas variantes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Informar que variante se vai construír finalmente na VAC Tui- A Guarda enlace de Goián a PO-350.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27433
Data envío: 06/03/2018 19:08:16.104



2.- Desafectar os terreos nos que non se vai construír dita infraestrutura, en virtude do principio de seguridade xurídica.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2018 19:02:37

Antón Sánchez García na data 06/03/2018 19:02:59

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 05.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 27838(10/PNC-002157)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Moreira Ferro, Jacobo e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa perigosidade que presenta
para as persoas usuarias, en especial para os peóns
ciclistas, a estrada N-550, A Coruña-Tui

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



Á Mesa do Parlamento

Os grupos parlamentarios do **Partido Popular de Galicia**, de **En Marea**, dos **Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Jacobo Moreira Ferro**, **Marcos Cal Ogando**, **Patricia Vilán Lorenzo** e **Xosé Luís Bará Torres**, a través dos seus portavoces e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

Exposición de motivos

Os desprazamentos alternativos aos vehículos a motor potencian a preservación do medio ambiente, a saúde das persoas e a loita contra o cambio climático. En Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno e a dispersión da poboación. A estrada N-550 podería converterse no eixo vertebrador de Galicia para as formas de mobilidade alternativa ao automóbil, xa que comunica as grandes cidades da franxa atlántica.

A estrada N-550 -que vai dende Coruña a Tui- é extremadamente perigosa en varios puntos para todas as persoas usuarias da vía, pero sobre todo non conta cunha configuración axeitada para peóns e usuarios de bicicleta polo que compre adoptar medidas estruturais que garantan a súa seguridade. O último caso de sinistro grave na N-550 dun colectivo vulnerable foi o atropelo dun usuario de bicicleta que se dirixía ao seu posto de traballo no punto quilométrico 126,600, nun tramo de gran perigo para peóns e ciclistas. E así o teñen trasladado os membros da Asociación Pedaladas que solicitan a todos os grupos parlamentarios da Cámara buscar solucións en toda a N-550 pero sobre todo nese tramo tan perigoso nos concellos de Vilaboa e Pontevedra.



Por todo o exposto, os grupos parlamentarios do Partido Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que demande do Goberno do Estado, con relación á estrada nacional N-550, a:

1. Creación de beiravías transitables do maior ancho posible, dende a estación de servizo Repsol ata o cruce da EP-0105.
2. Que instale sinalización vertical coa obriga de adiantar afastándose 1,5 metros dos ciclistas e da advertencia da súa presenza, cando menos, cada 2 quilómetros no tramo Bértola-Pontevedra.
3. Que estableza a redución da velocidade a 50 km/h no tramo de concentración de accidentes e nos lugares onde estea permitido o estacionamento de vehículos.
4. Que adecúe a N-550 aos preceptos do Regulamento Xeral de Circulación de 2003, especialmente aos artigos 50 e 90 sobre estacionamento e parada dos vehículos na vía pública.
5. Que mellore a iluminación da estrada N-550.
6. Que busque fórmulas de fomento de uso da estrada AP-9 no tramo Vilaboa- Pontevedra para reducir a cantidade de tráfico da N-550 e, polo tanto, do risco de atropelo.
7. Que fomente que a vía verde sexa unha prioridade para a mobilidade en bicicleta e un atractivo turístico para a comarca, cedendo ADIF de vías de tren sen uso do tramo Pontevedra-Pontesampaio.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Jacobo Moreira Ferro
Deputado do. G.P. Popular de Galicia

Asdo.: Pedro Puy Fraga
Portavoz do G.P. Popular de Galicia

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea

Asdo.: Xosé Luís Bará Torres
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2018 17:29
Nº Rexistro: 27838
Data envío: 13/03/2018 17:29:06.877

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/03/2018 16:58:44

Jacobo Moreira Ferro na data 13/03/2018 16:58:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/03/2018 17:20:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/03/2018 17:20:47

Marcos Cal Ogando na data 13/03/2018 17:23:01

Luis Villares Naveira na data 13/03/2018 17:23:09

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2018 17:25:09

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2018 17:25:17